



## Concello de Castroverde

**Expediente núm.:** 45/2019

### DECRETO

Visto o expediente tramitado para a constitución dunha bolsa de emprego de funcionario interino, Grupo: C; Subgrupo: C2; Escala: Xeral; Subescala: Auxiliar; Denominación: Auxiliar administrativo.

Visto que a Bolsa quedou constituída por Decreto número 88/2019, do 22 de xullo, e que o aspirante que acadou o primeiro lugar na bolsa, ten tomado posesión como funcionario interino en data do 5 de agosto de 2019.

Visto que a funcionaria subalterna atópase en situación de IT, que se prevé longa, e que a funcionaria administrativa ten comunicado ao Concello que vaise xubilar anticipadamente no presente ano.

Visto que no cadro de persoal figura un posto de auxiliar administrativo, cuxa titular atópase en situación de servizos especiais.

Visto que a aspirante que quedou en segundo lugar na bolsa de emprego, ten acreditado o cumprimento de todos os requisitos esixidos.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Nomear a dona ELVIRA DE DIOS PÉREZ, con D.N.I. nº 33.344.255 M, como funcionaria interina, no posto de Auxiliar administrativa, cuxa titular atópase en situación de servizos especiais, de conformidade co previsto nas Bases da convocatoria.

**SEGUNDO.-** O nomeamento terá vixencia hasta que a titular da praza se reincorpore ao seu posto.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución á funcionaria nomeada, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a toma de posesión.


**CUARTO.-** Publicar a presente Resolución na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, don Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández, do que eu, secretaria, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: C265339FLYPY64NDG9DXN3E3 | Corrección: <http://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1